

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO CONCERTO DO ARTISTA FEID NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, DECLARA:

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 2 de xullo de 2026 con SON DO MAR FESTIVAL SL o instrumento convencional arriba referido se circunscribe á duración prevista para a realización do concerto o 11 de xullo de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión temporal a título gratuito de espazos para a celebración do concerto do artista Feid na Cidade da Cultura de Galicia o 11 de xullo de 2026.

A cesión abranguerá tamén os días precisos para a realización de ensaios e actuacións, montaxe e desmontaxe de ambos eventos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia" (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.



Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social "a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural".

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- c) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

Neste sentido, a Fundación estima que a realización de actividades de grande calado na Cidade da Cultura de Galicia, pola súa magnitude e público destinatario, contribúe ao cumprimento do seu obxecto social en canto a actuar cun papel clave no fomento e difusión da cultura entre a cidadanía.

O propio Plan Estratéxico do Gaiás 2021-2027 fixa dentro dos seus obxectivos, o de desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo. E determina como obxectivo operativo (O.O.1.3.) a promoción e creación de novos públicos e audiencias. Dentro das liñas de acción do amentado Plan Estratéxico que abranguen o seu programa de coñecemento e fidelización de públicos, conecta coa acción 1.3.2., descrita do seguinte xeito:



Acción 1.3.2 Novos públicos

Relación co marco estratéxico	OE1. Desenvolver unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo. OO 1.3 Promover a creación de novos públicos e audiencias.
Xustificación da necesidade	Existe un baleiro nas audiencias participantes no programa cultural, entre o público infantil e o adulto (16-25/30 anos). Cómpre deseñar programas específicos para as xeracións que viven o seu día case exclusivamente en contornas dixitais.
Obxectivos	- Atraer os segmentos menos fidelizados ás programacións ofertadas pola CdC. - Promover que estes grupos xeracionais participen de forma activa no deseño e posta en práctica destas actividades, non só como espectadores pasivos. - Incrementar o número de visitantes off/online ás actividades de programación da CdC.
Descrición da acción	Deseñar programacións específicas regulares especializadas en contidos dixitais para as xeracións Alpha e Z. Consolidar proxectos como o Maker Faire e amplificar a <i>hackatons</i> ou encontros de <i>gaming</i> entre outros.
Tarefas	- Elaborar estudos de públicos, coñecer as tendencias e os costumes das xeracións Alpha e Z, para poder ofrecerlles contidos valiosos e atractivos. - Unha vez elixido o equipo especialista en contidos dixitais, elaborar un primeiro plan anual de actividade. - Propoñer 2 ou 3 grandes proxectos faro anuais orientados 100% a estes segmentos.

Pola súa banda, FEID é un cantante, compositor e produtor colombiano considerado unha das figuras máis influentes da música urbana latina e un dos artistas máis escoitados e representativos do xénero urbano na actualidade. A súa proposta musical reflicte a esencia da cultura urbana e unha conexión xenuína coas xeracións Alpha e Z, o que permitirá ofrecer unha actividade de calidade para o público xuvenil de entre 16 e 30 anos.

A entidade SON DO MAR FESTIVAL SL é a organizadora local do evento en Santiago de Compostela, acreditando documentalmente a colaboración coa organizadora do evento a nivel nacional.

O evento musical conta colaboración da Xunta de Galicia, e doutras entidades pertencentes ao sector público.



Tendo en conta o anterior, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA e SON DO MAR FESTIVAL SL, manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento desde proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

